

003909 24.04.2014 11:23

**INSTRUCCIÓN VIII/2014 DA XERENCIA DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA  
POLA QUE SE REGULA O PROCEDIMENTO DE XESTIÓN ORZAMENTARIA E PAGAMENTO  
DOS CURSOS, CONFERENCIAS, COLABORACIÓNS, ASISTENCIAS A ÓRGANOS COLEXIADOS  
OU RETRIBUCIÓNS SIMILARES DO PERSOAL CON VINCULACIÓN XURÍDICA COA USC**

A disposición final terceira do Real decreto lei 16/2013, do 20 de decembro, de medidas para favorecer a contratación estable e mellorar a empregabilidade dos traballadores (BOE do día 21), modifica o artigo 109 da Lei xeral de Seguridade Social no que se refire ás bases de cotización.

“Artigo 109

1.A base de cotización para todas as continxencias e situacións amparadas pola acción protectora do Réxime Xeral, incluídas as de accidente de traballo e enfermidade profesional, estará constituída pola remuneración total, calquera que sexa a súa forma ou denominación, tanto en metálico coma en especie, que con carácter mensual teña dereito a percibir o traballador ou asimilado, ou a que efectivamente perciba de ser esta superior, por razón do traballo que realice por conta allea.

As percepcións de vencemento superior ao mensual prorratearanse ao longo dos doce meses do ano”.

....

2. Unicamente non se computarán na base de cotización os seguintes conceptos:

a) As asignacións para gastos de locomoción ...

...

c) As indemnizacións por falecemento e as correspondentes a traslados, suspensións e despidos...

d) As prestacións da Seguridade Social, as melloras das prestacións por incapacidade temporal concedidas polas empresas...

e) As horas extraordinarias, salvo para a cotización pro accidentes de traballo e enfermidades profesionais da Seguridade Social.

...

3. As empresas deberán comunicar á Tesourería Xeral da Seguridade Social en cada período de liquidación o importe de todos os conceptos retributivos abonados a seus traballadores, con independencia da súa inclusión ou non na base de cotización á Seguridade Social e aínda que resulten de aplicación bases únicas”.

Polo anteriormente exposto, e tendo en conta que este cambio normativo só afecta ao persoal con vinculación xurídica á USC que estea dado de alta no réxime xeral da Seguridade Social, **esta Xerencia**, en uso das atribucións conferidas pola Resolución Reitoral do 1 de agosto de 2011 sobre delegación de competencias en determinados órganos universitarios, **dispón:**

1. Introducir os cambios necesarios na tramitación orzamentaria do importe, que en concepto de cotización á Seguridade Social, vai supoñer o pago das seguintes retribucións:

- Retribucións pola impartición de cursos e conferencias, pola participación en actividades de investigación, así como pola colaboración esporádica en actividades de todo tipo sempre que sexan retribuídas con cargo ao orzamento da USC
- Asistencias a órganos colexiados (tribunais, comisións...)

- Calquera outro pagamento que deba computarse na base de cotización

2. Informar á Seguridade Social do percibo das indemnizacións por razón do servizo do persoal de alta no Réxime Xeral da Seguridade Social, aínda que eses importes estean excluídos de cotización.

3. Ditar o seguinte Procedemento:

**A) Descrición xeral**

Trátase dun procedemento especial, xa que na aplicación de xestión orzamentaria, eSicus, se dará de alta unha obriga da que se trasladará a información á aplicación de persoal para que sexa integrada no conxunto das retribucións mensuais do perceptor. Xa non se realizará o pagamento polo Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesourería.

En eSicus faise a xestión na partida orzamentaria financiadora cuxos movementos serán os seguintes:

- a) Contabilización na partida orzamentaria do custe total (retribución bruta máis importe de Seguridade Social)
- b) Aplicación dun tipo de IRPF creado especificamente para estes pagamentos cunha porcentaxe do 0%. Dado que estas retribucións se pagarán por nómina, será nesta na que se lle aplique o tipo de IRPF correspondente a cada traballador da USC.
- c) Tramitación do pagamento cun tipo de ADOP novo creado para este tipo de retribucións co que se contabilizará un abono nun concepto non orzamentario específico.
- d) Traslado dos importes anteriores contabilizados á aplicación de UXXI de persoal.
- e) Contabilización dun cargo no concepto non orzamentario polo importe total destes pagamentos realizados polo Servizo de Xestión de Persoal
- f) O saldo do concepto non orzamentario a fin de exercicio deberá ser cero.

**B) Imputación ao orzamento da USC na aplicación eSICUS**

Previamente á tramitación dalgún destes gastos, o/a Responsable de asuntos económicos (RAE), deberá comprobar se o/a perceptor/a está dado de alta na Seguridade Social. Para estes efectos contará cunha consulta na aplicación eSICUS, de xeito que:

- a) Primeiro se comprobará a pertenza ou non aos cadros de persoal da USC e ao réxime de protección social no que cotiza.
- b) Se pertence aos cadros de persoal da USC se seguirá o procedemento aquí establecido e os pagamentos destas retribucións se incluírán na nómina mensual, o pagamento realizarase a través do Servizo de Xestión de Persoal.
- c) Se é persoal da USC de alta no réxime xeral da Seguridade Social, haberá que calcular o incremento de custe de Seguridade Social asociado a esa retribución. Para calcular o custe de Seguridade Social asociado á esa retribución, haberá que executar a consulta establecida en eSicus introducindo o importe da nova retribución e nos devolverá o importe de cotización correspondente. Este cálculo faise sobre a base de cotización do mes anterior sen ter en conta outros posibles pagamentos que se estean a producir nese mes.
- d) Para as retribucións que requiran aprobación previa, ben dunha Vicerreitoría ou da Xerencia ou de ambas, os RAEs as tramitarán unha vez recibida a comunicación de aprobación seguindo o procedemento aquí establecido.

C) Unha vez realizadas as comprobacións anteriores, o/a Responsable de asuntos económicos (RAE), deberá:

1. Dar de alta a autorización polo importe total previsto, e dicir:
  - a. Importe bruto da retribución ou o importe establecido para asistencias a órganos colexiados na normativa sobre indemnizacións por razón de servizo.
  - b. De ser o caso, importe de Seguridade Social asociado a esta retribución.
  - c. Elixir correctamente o subconcepto económico da autorización, xa que agora se diferencia segundo o colectivo ao que pertenza.
2. Tramitar a obriga da retribución, coas seguintes peculiaridades:
  - a. Empregar o ADOP tipo CCA, marcando como concepto non orzamentario o 8075 320112 "Tratamento contable de retribución USC".
  - b. Aplicar o tipo de IRPF "CCA-Retribución retención en nómina".

3. Tramitar o gasto de Seguridade Social.

Para compensar o maior custe de Seguridade Social que soporta a partida orzamentaria financiadora do contrato que tamén aparece na consulta, hai dúas posibilidades:

a. Transferencia de crédito.

Esta opción será a que se empregará de forma prioritaria agás para as partidas orzamentarias que non admitan modificación de crédito e se deba xustificar mediante cargo interno.

I. Empregarase a transferencia de crédito en todo caso para o persoal que forma parte das RPTs da USC e que percibe as súas retribucións con cargo ao capítulo I. Partida receptora da transferencia:

- PAS: 8075-3000-16010 "PAS funcionario e laboral. Seguridade Social"
- PDI: 8075-3000-16020 "PDI. Seguridade Social"

II. Para as partidas do capítulo II de cursos, conferencias ou programas de mobilidade, a transferencia terá como partida receptora a que se corresponda co contrato do perceptor.

III. Só se poderá empregar esta opción nas partidas do capítulo VI no caso de que o financiador externo acepte como xustificación do gasto a transferencia, de non ser así, haberá que facer un cargo interno en concepto de cofinanciamento.

b. Cargo Interno.

Esta opción empregárase para recuperar os maiores custes das partidas de investigación. Emitirase un cargo interno pero coa seguinte peculiaridade:

O/A RAE do centro que paga a retribución do curso, deberá emitir un cargo interno no que a partida do curso é a receptora do cargo, e a partida que emite o cargo é sobre a que se soporta o contrato principal, é dicir, nos datos da obriga deberá figurar como "partida centro emisor" os datos da partida á que se está imputando o contrato principal.

4. A periodicidade para facer estes axustes (transferencias ou cargos internos) será unha vez ao mes.

5. Na fase de revisión previa polo Servizo de Control Interno, no caso de que se formule un reparo ou que o/a RAE detecte un erro na obriga logo de emitir o ADOP, e co fin de evitar erros no pagamento da retribución a través da nómina, o/a RAE deberá eliminar a obriga ou corrixila e emitir un novo ADOP de forma inmediata para que o anterior quede eliminado do sistema e non se inclúa nos datos que se exportan dende a aplicación eSICUS á aplicación UXXI.
6. Non se poderán tramitar estas retribucións polas contas de anticipos.
7. Entre o día 10 e o 12 do mes, ou día laborable seguinte, os/as RAEs non poderán tramitar ADOPs por estes conceptos xa que se procederá á exportación de datos dende a aplicación eSICUS á aplicación UXXI.

O procedemento será o seguinte:

- a. Os/As RAE terán comprobado que non quedan contabilizadas e co ADOP emitido en eSicus, obrigas que non poden incluírse en nómina.
- b. Do mesmo modo, o Servizo de Control Interno comprobará que ADOPs devoltos polo Servizo xa non figuran na relación de datos que se van exportar a UXXI.
- c. O día 11 de cada mes, ou día laborable seguinte, o Servizo de Control Interno xerará, a través da aplicación eSICUS, o número de operación SIC para todas as obrigas con ADOP emitido tipo CCA no mes anterior.
- d. Unha vez xerados os números de operación SIC, os administradores de eSICUS xerarán o arquivo para traspasar esta información á aplicación UXXI en función da correspondencia entre os subconceptos económicos e os conceptos retributivos.
- e. Unha vez realizado o traspaso e tramitada a nómina, a imputación a eSicus destas retribucións será como un cargo no concepto non orzamentario 8075 320112 "Tratamento contable de retribucións USC" polo importe das obrigas traspasadas.
- f. Por último, dende eSicus trasladarase á contabilidade central SIC os asentos contables nas partidas orzamentarias que constan en eSicus

**D)** Os pagamentos de retribucións a persoal da USC que non impliquen cotizacións a Seguridade Social (Muface ou Seguridade Social cunha base de cotización máxima), tramitaranse tamén a través deste procedemento, aínda que neste supostos non hai que facer os axustes mediante transferencias ou cargos internos.

**E)** As correccións por erros nos importes ou no perceptor da obriga tramitaranse do seguinte modo:

- a. Procederase á corrección antes de que se teña emitido o ADOP e aínda non se teña bloqueada a obriga por SIC, anularase a obriga e todos os movementos asociados en eSicus.
- b. Tramitado o ADOP e incluído o importe da obriga na nómina mensual do perceptor, se a posteriori se detecta un erro na identificación do perceptor ou no importe da retribución, haberá que comunicar a corrección ao Servizo de Xestión de Persoal e corrixir a obriga na aplicación eSICUS.

O procedemento será:

- I. Comunicación ao Servizo de Xestión de Persoal. O/A RAE enviará a este Servizo a comunicación asinada polo/a director/a do centro de gasto (DCG) do erro detectado solicitando que se corrixa na seguinte nómina.
- II. Unha vez enviada esta comunicación ao Servizo de Xestión de Persoal, o/a RAE fará a seguinte xestión orzamentaria:
  - Dar de alta un novo asiento igual ao que hai que corrixir pero con signo negativo, emitindo a obriga cun ADOP tipo CCA. A este ADOP se lle xuntará a comunicación do DCG xa enviada ao Servizo de Xestión de Persoal.
  - Dar de alta un novo asiento co importe e perceptor correcto
  - Facer os axustes que correspondan nas imputacións ás partidas financiadoras do contrato principal polas diferenzas da cota patronal.
  - Por último, corrixir as transferencias de crédito e os cargos internos.

Coa aplicación do procedemento definido nesta Instrución, na nómina mensual de cada perceptor se incorporarán os importes das obrigas correspondentes a cursos, conferencias, colaboracións, asistencias ou retribucións similares que estean emitidas en ADOP antes do día 10 ou, de ser festivo, o día laborable seguinte de cada mes. Deste modo, no detalle da nómina figuraran os novos conceptos de conferencias, cursos, colaboracións e asistencias que incluírán a totalidade das percepcións por cada un destes conceptos.

Santiago de Compostela, 23 de abril de 2014

A xerente



Mª Lourdes Batán Aira